



BOP

LUNS, 14 DE XANEIRO DE 2019

N.º 011

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Javier Rego Rodríguez solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.61362.

As obras solicitadas consisten na construción dunha vivenda unifamiliar e o peche de finca na parcela de referencia catastral 27067A02600522, na zona de policía dun rego innominado e na do rego do Cristo, no lugar de Casanova, na parroquia de Covas, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 28 de decembro de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0058

Anuncio

Vanesa Pita Fernández solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.63772.

As obras solicitadas consisten no peche cun valado das parcelas 176 e 177 do polígono 21, na zona de policía do rego de Escourido, no lugar de Comiños, na parroquia de Covas, no concello de Viveiro (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 03 de enero de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0059

Anuncio

Francisco Manuel Macho Eiras solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.62707.

As obras solicitadas consisten no peche da finca con referencia catastral 8437728PJ0483N, na zona de policía do rego da Veiga, na parroquia do Vicedo, no concello do Vicedo (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello do Vicedo ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 18 de decembro de 2018 - A xefa do servizo territorial- Rocío Carreira Carral.

R. 0060

Anuncio

Bruno Blanco Lamparte solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.62445.

As obras solicitadas consisten na reparación, modernización e mellora dunha vivenda existente con referencia catastral 27019A037007300001YJ, no Camiño das Polas, número 2; na zona de policía dun rego innominado, na parroquia de Nois, no concello de Foz (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinete (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Foz ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 03 de enero de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 0061

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Por Decreto da Alcaldía de data 08/01/2019, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xaneiro do 2019 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/03/2019. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 8 de xaneiro de 2018.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0063

GUITIRIZ

Anuncio

Por acordo plenario de data 27/12/2018 aprobouse definitivamente o inventario de vías e camiños do Concello de Guitiriz.

O que se publica aos efectos oportunos.

Guitiriz, 07 de xaneiro de 2019.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez.

R. 0064

OUROL

Anuncio

Polo Pleno do concello de Ouro, en sesión ordinaria celebrada o día catro de xaneiro de dous mil dezanove, adoptouse o seguinte acordo en relación ao sistema retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo do concello de Ouro.

Primeiro.- Aprobar para todo o persoal: funcionario, funcionario interino e laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido, temporal ou indefinido non fixo, ao servizo do concello, incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, que o complemento retributivo dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal, tanto por enfermidade común, accidente non laboral, enfermidade profesional ou accidente de traballo, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal.

Segundo.- Aprobar para todo o persoal: funcionario, funcionario interino e laboral, xa sexa fixo, por tempo indefinido, temporal ou indefinido non fixo, ao servizo do concello, incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social, que a forma de xustificación das ausencias por causa de enfermidade ou que dean lugar a unha situación de incapacidade temporal farase mediante a esixencia do correspondente parte de baixa ou documentación acreditativa, segundo proceda, dende o primeiro día de ausencia.

Terceiro.- Remitir o acordo para a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, entrando en vigor ao día seguinte, da súa publicación.

Cuarto.- Facultar ao sr. alcalde-presidente para a sinatura de cantos documentos sexan necesarios para facer efectivo este acordo.

Ouro, dez de xaneiro de dous mil dezanove.- O alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 0078

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

Acordada polo Pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de febreiro de dous mil dezaioito a modificación das ordenanzas fiscais que se relacionan a continuación:

- Número 1.01ª reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis.
- Número 1.03ª reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.
- Número 1.04ª reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Número 2.03ª reguladora da Licenza de Apertura de Establecementos

Faise público por prazo de trinta días a efectos de exame e alegacións, considerándose definitivamente aprobadas de non presentarse ningunha nese prazo.

A Pobra do Brollón, 09 de xaneiro de 2019.- O alcalde, José Luís Maceda Vilariño.

R. 0079
